

MEMORIA POÉTICA

Entre 1985 e 1997, a colección Leliadoura -vinculada a Sotelo Blanco- foi acollendo as obras dos poetas referenciais nos anos oitenta e noventa. Precisamente, agora que se cumpren os vintecinco anos de creación deste selo editorial, ve a luz *Antoloxía poética. Leliadoura (1985-1997)*, unha escolla de textos de cada un dos 35 libros publicados en Leliadoura e que nos permiten repasar boa parte da nosa historia poética a través das voces de Fernán-Vello, Álvarez Torneiro, Rivas, Forcadela, Sánchez Iglesias ou Antón Tovar que enchen de luz un recanto da nosa memoria literaria.

Tempos Novos, 99, agosto 2005, p. 70